TERCEIRO.- Considerar definitivamente aprobado o acordo no caso de que non se presenten reclamacións, procedendo a súa publicación no B.O.P. xunto co texto integro da nova ordenanza fiscal, e sen que entre en vigor esta ata a referida publicación, todo isto de conformidade co artigo 17. 4 do Real decreto legislativo 2/2004.”

O señor Alcalde explica que se traen a pleno tres modificacións de 3 ordenanzas fiscais para acollerse a unha subvención aos efectos de dar un empuxón ás empresas que queiran implantarse dentro do Concello. Di que a bonificación do Polígono segue en vigor pero que agora se trae outra bonificación que non se limita ao polígono, que se trata dunha bonificación que propuxo a FEGAMP e que lles parece unha boa idea.

O señor Sergio intervéñ para sinalar que está conforme con este tipo de accións pero que tamén é consciente de que o tema do chan do polígono ten un prezo desorbitado e que é un tema que segue sen solucionarse.

O señor Alcalde reconece que está de acordo co señor Sergio pero que Madrid di que non se pode baixar e que ademáis aínda que se baixase hai outros polígonos máis competitivos como son o de Carballo pola súa situación estratéxica.

Rematado o debate sométese o asunto a votación, aprobándose a proposta de Alcaldía anteriormente transcrita co seguinte resultado:

Votación:

Votos a favor: 8

7 PP.  
1 Grupo Mixto ( Sergio M. García Villar)  
0 AIM

Votos en contra: 0

0 PP  
0 Grupo Mixto  
0 AIM



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Abstencións: 5

0 PP  
1 Grupo Mixto ( M<sup>a</sup> del Mar Ordóñez Varela)  
4 AIM

### **7º.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 3 REGULADORA DO IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.**

Pola secretaria dáse conta de que en sesión de 23.03.2018 a Comisión Especial de Contas dictaminou favorablemente a Proposta da Alcaldía que a continuación se transcribe:

Pola secretaria dáse conta da proposta da Alcaldía que a continuación se transcribe:

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

Esta Alcaldía considera oportuno que o concello faga uso da facultade prevista no artigo 88.1 e) do Real decreto legislativo 2/2004, de bonificación de até o 95 por cento da cota íntegra do imposto, a aqueles contribuíntes que tributen por cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.

A modificación da ordenanza fiscal municipal reguladora do Imposto de Actividades Económicas, mediante a introdución da bonificación prevista no referido artigo 88.1 e) do RDL 2/2004 ten a finalidade de adaptar o texto da ordenanza ás referencias normativas actualmente vixentes e fomentar a creación de emprego ben por medio da localización ou implantación de novas actividades económicas ou empresariais no termo municipal de Malpica ou ampliación das instalacións de actividades económica ou empresarial xa localizadas no termo municipal e que impliquen a creación de novos empregos.

En consecuencia, esta alcaldía esta alcaldía propón Pleno da corporación a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a Ordenanza Fiscal nº 3 reguladora do Imposto de Actividades Económicas , resultante da modificación das referencias normativas contidas no seu articulado e da introdución no seu texto da bonificación potestativa a que se refire 88.1 e) do Real decreto legislativo 2/2004 Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando esta redactada nos seguintes termos :

#### **“ ORDENANZA FISCAL Nº 3, REGULADORA DO IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS**

##### **Artigo 1º .- Fundamento.**

*O imposto de Actividades Económicas esixirase neste Concello de conformidade co disposto nos artigos 78 a 91 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo,*



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

*polo que se aproba o texto refundido de la Lei reguladora das facendas locais, aplicándose sobre as ditas disposicións os elementos determinantes da cota tributaria a que se refiren os artigos 87 e 88 do RDL 2/2004 e que se regulan na presente ordenanza fiscal nos aspectos referidos á ponderación da situación física dos locais neste concello e fixación da escala dos coeficientes de aplicación a cada unha das categorías de rúas do termo municipal e a fixación das bonificacións potestativas.*

### **Artigo 2º.- Categoría da rúas do termo municipal**

*De acordo co sinalado no artigo 87 do Real Decreto Legislativo 2/2004 e os efectos da ponderación da situación física dos locais dentro do termo municipal atendendo á categoría da rúa en que radiquen, establécense no concello de Malpica de Bergantiños, tres categorías de rúas, que son as seguintes:*

*Rúas de primeira categoría: Tódalas rúas pertencentes ó núcleo urbano da Vila de Malpica e rúas do núcleo de Seaia.*

*Rúas de segunda categoría: Tódalas rúas pertencentes ó núcleo urbano da parroquia de Buño e rúa O empalme da parroquia de Leiloio.*

*Rúas de terceira categoría: Resto das rúas do termo municipal.*

### **Artigo 3º.- Escala de coeficientes segundo a ponderación da situación física dos locais**

*Os efectos previstos no artigo 87 do Real Decreto Legislativo 2/2004 o Concello de Malpica de Bergantiños establece a seguinte escala de coeficientes segundo a ponderación da situación física dos locais e atendendo ás tres categorías de rúas establecidas no artigo anterior:*

Categoría das rúas	Coefficiente de situación
<i>Rúas de primeira categoría.- Tódalas rúas pertencentes ó casco urbano da Vila de Malpica e rúas do núcleo de Seaia</i>	1,30
<i>Rúas de segunda categoría).- Tódalas rúas pertencentes ó núcleo urbano da parroquia de Buño e rúa O empalme da parroquia de Leiloio</i>	1,20
<i>Rúas de terceira categoría.- Resto das rúas do termo municipal non</i>	1,10



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

clasificadas nas categorías anteriores

*Esta escala de coeficientes, só poderá ser aplicada ós locais, entendendo este concepto no sentido da regra 6.ª da Instrución anexa ó Real decreto lexislativo 1175/1990, do 28 de setembro, polo que se aproban as tarifas e a instrución do imposto sobre actividades económicas.*

#### **Artigo 4º.- Bonificacións**

*Se establece a bonificación da cota íntegra do imposto a favor os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento de emprego, regulada apartado 2 e) do artigo 88 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais*

*A bonificación regulada no presente apartado serán de aplicación exclusiva a aqueles supostos de localización ou implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións xa existentes, sempre e cando esta impliquen a creación de emprego.*

*A bonificación por concorrer circunstancias de fomento de emprego da cota íntegra municipal a favor de os contribuíntes que desenvolvan actividades económicas ou empresariais que impliquen a creación de emprego, terá unha duración de catro anos e será aplicada conforme a seguinte escala:*

	Bonificación da cota íntegra
Creación de máis de 20 postos de traballo	95 %
Creación de entre 11 e 20 postos de traballo	75 %
Creación ate 10 postos de traballo	50 %

*Corresponderá ao Pleno da Corporación a declaración de especial interese ou de utilidade municipal, previa solicitude dos suxeitos pasivos, debendo contar co voto favorable da maioría simple dos seus membros.*

#### **Artigo 5ª .- Normas de xestión da bonificación**

*A bonificación terá carácter rogado, debendo ser presentada polo suxeito pasivo, e producirá á efectos a partires do período impositivo seguinte ó da resolución de dita solicitude e terá unha duración de catro anos.*



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

*Os suxeitos pasivos que tendo obtida a declaración de especial intereses ou de utilidade municipal, deberán presenta-la correspondente solicitude dirixida ó Excmo. Sr. Presidente da Deputación da Coruña, antes do 31 de decembro do ano precedente ó do período impositivo no que pretendan que produza efectos. Xuntamente co escrito deberase achega-la seguinte documentación:*

- *Certificado do acordo plenario de declaración de especial interese ou de utilidade municipal*
- *Acreditación do título dos locais, edificacións, construcións e instalacións utilizados para calquera actividades empresariais ou profesionais obxecto de bonificación.*
- *Certificado de que o suxeito pasivo non ten débedas coa Facenda estatal, autonómica e local; nin coa Seguridade Social.*
- *Acreditación das novas contratacións realizadas mediante a presentación dos contratos de traballo dos novos empregados/empregados e copia das comunicacións das contratacións ó Servizo Publico de Emprego Estatal (SEPE), resolucións de altas na Seguridade Social (TA) e Informes de datos de cotización (IDC) da Tesourería Xeral da Seguridade Social referidos ós novos traballadores contratados.*

*O Concello poderá realizar de oficio todas as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto destas bonificacións. Os obrigados tributarios deberán comunicar no Concello e o Servizo de Xestión Tributaria da Exma. Deputación Provincial de A Coruña calquera modificación relevante das condicións ou requisitos esixibles para a aplicación dos beneficios fiscais regulados no presente artigo.*

*O Servizo de Xestión Tributaria da Exma. Deputación Provincial de A Coruña, órgano competente en materia de xestión e recadación do IBI por delegación efectuada por este concello, poderá declarar, previa audiencia do obrigado tributario por un prazo de 10 días, contados a partir da notificación da apertura de dito prazo, se procede ou non a continuación da aplicación do beneficio fiscal. De igual xeito se procederá cando a Administración coñeza por calquera medio a modificación das condicións ou os requisitos para a aplicación do beneficio fiscal.”*

SEGUNDO.- Proceder a exposición ó público acordo de aprobación inicial da nova ordenanza polo período de trinta días, mediante a publicación no B.O.P. do anuncio de exposición e simultánea exposición no taboleiro de anuncios da corporación.

TERCEIRO.- Considerar definitivamente aprobado o acordo no caso de que non se presenten reclamacións, procedendo a súa publicación no B.O.P xunto co texto integro da nova ordenanza fiscal, e sen que entre en



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

vigor esta ata a referida publicación, todo isto de conformidade co artigo 17. 4 do Real decreto legislativo 2/2004. “

Sen debate sométese o asunto a votación, aprobándose a proposta de Alcaldía anteriormente transcrita co seguinte resultado:

Votación:

Votos a favor: 8

7 PP.  
1 Grupo Mixto ( Sergio M. García Villar).  
0 AIM

Votos en contra: 0

0 PP  
0 Grupo Mixto  
0 AIM

Abstencións: 5

0 PP  
1 Grupo Mixto ( Mª del Mar Ordóñez Varela).  
4 AIM

## **8.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 4 REGULADORA DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS.**

Pola secretaria dase conta de que en sesión de 23.03.2018 a Comisión Especial de Contas dictaminou favorablemente a Proposta de Alcaldía que a continuación se transcribe:

### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

Por esta Alcaldía se acordou o inicio dun expediente para a modificación da ordenanza fiscal nº 4 reguladora do Imposto de Construcción, Instalación e Obras, en adiante I.C.I.O.

A modificación da actual redacción da ordenanza fiscal do I.C.I.O ten por finalidade modificar a redacción da ordenanza fiscal vixente para bonificar até o 95 % da cota íntegra deste imposto en favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.

A modificación da ordenanza fiscal municipal reguladora do I.C.I.O, mediante a introdución da bonificación prevista no referido artigo 103.2 a) do RDL 2/2004 ten a finalidade de fomentar a creación de emprego ben por medio da localización ou implantación de novas actividades económicas ou empresariais no termo municipal de Malpica ou ampliación das instalacións de actividades económicas ou empresariais xa localizadas no termo municipal e que impliquen a creación de novos empregos.





CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

En consecuencia, esta Alcaldía esta alcaldía propón Pleno da corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO .- Aprobar inicialmente a reguladora do Imposto de Construcións , Instalacións e Obras resultante da modificación das referencias normativas contidas no seu articulado e da modificación das bonificacións establecidas seu artigo 7º, quedando este último redactado nos seguintes termos:

### **Artigo 7. Bonificacións**

1. As bonificacións establecidas neste artigo son de natureza regrada e teñen carácter rogado, debendo ser solicitadas expresamente polo suxeito pasivo ante este Concello, no mesmo momento de achegar a documentación necesaria para a obtención da correspondente licenza, .

2 Establécense as bonificacións que se determinan no seguinte cadro:

Construcións, obras e instalacións obxecto de bonificación	Porcentaxe de bonificación
1.1 Construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal polo Pleno da Corporación, por concorrer circunstancias do fomento do emprego que supoñan a creación de ate 10 postos de traballo	50%
1.2 Construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal polo Pleno do fomento do emprego que supoñan a creación de entre 11 e 20 postos de traballo.	75%
1.3 Construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal polo Pleno do fomento do emprego que supoñan a creación de máis de 20 postos de traballo.	95 %
1.4 Construcións e instalacións e obras correspondentes a primeiro establecemento ou implantación de actividades comerciais e industriais que xeren de dous a cinco postos de traballo de carácter fixo	55%
1.5 Construcións e instalacións e obras correspondentes a primeiro establecemento ou implantación de actividades comerciais e industriais que xeren de seis a dez postos de traballo de carácter fixo.	60%





CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Construcións, obras e instalacións obxecto de bonificación	Porcentaxe de bonificación
1.6 Construcións e instalacións e obras correspondentes a primeiro establecemento ou implantación de actividades comerciais e industriais que xeren máis de dez postos de traballo de carácter fixo.	70%
1.7 Construcións e instalacións e obras promovidas polas Administracións Públicas para a implantación de servizos públicos ou servizos de interese comunitario	75%
1.8 Construcións, instalacións ou obras que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados	90%
1.9 Construcións e instalacións que constitúan e establecemento ou sede de actividades comerciais e industriais de cooperativas e sociedades anónimas laborais.	90%
1.10 Construcións, rehabilitación ou reparación de vivendas promovidas por persoas en situación de emerxencia social	95%
1.11 Construcións destinadas ao primeiro establecemento ou á implantación de empresas no Polígono Industrial de Malpica que soliciten a licenza de construción instalación ou obra durante os exercicios de 2016, 2017 e 2018	95%

2. No caso de instar pertinencia da declaración de especial interese ou utilidade municipal, deberá aportarse o orzamento desagregado das construcións, instalacións e obras para as que se solicita a declaracións do seu especial interese ou utilidade municipal e xustificantes de estar ó corrente no pagamento do Imposto sobre Actividades Económicas. Así mesmo e para o caso de instarse a declaración de especial interese ou utilidade municipal polo Pleno da Corporación, por concorrer circunstancias do fomento do emprego ou instarse a bonificación pola creación de postos de traballo de carácter fixo, o interesado/a deberá achegar compromiso de creación do número de postos de nova creación que vai a xerar.

A declaración de especial interese ou utilidade municipal deberá ser apreciada polo Pleno do concello polo voto da maioría simple dos seus membros.

3. Unicamente será deducible sobre da cota bonificada do imposto o importe satisfeito ou que deban satisfacer os suxeitos pasivos en concepto de taxa polo outorgamento da licenza urbanística correspondente á construción, instalación de vivendas promovidas por persoas en situación de emerxencia social.



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

4. As bonificacións establecidas no anterior recadro poderán revogarse pola Administración de non acreditarse ó mantemento das condicións ou obxecto que supuxeron o outorgamento da correspondente durante os prazos que de seguido se sinalan

<i>Construcións, obras e instalacións obxecto de bonificación</i>	<i>Causa da perda da bonificación</i>
<i>1.1-1.2-1.3 Construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal polo Pleno da Corporación, por concorrer circunstancias u do fomento do emprego</i>	<i>Demora na execución das construcións, instalacións e obras en máis dun ano contado a partires da data seguinte á data de notificación de outorgamento da bonificación.</i>
<i>1.4 Construcións e instalacións e obras correspondentes a primeiro establecemento ou implantación de actividades comerciais e industriais que xeren de dous a cinco postos de traballo de carácter fixo</i>	<i>Inactividade por prazo de 12 meses imputable ó solicitante dentro dos catro anos seguintes á data notificación de outorgamento data de notificación de outorgamento da bonificación.</i>
<i>1.4 Construcións e instalacións e obras correspondentes a primeiro establecemento ou implantación de actividades comerciais e industriais que xeren de seis a dez postos de traballo de carácter fixo.</i>	<i>Inactividade por prazo de 12 meses imputable ó solicitante dentro dos catro anos seguintes á data notificación de outorgamento data de notificación de outorgamento da bonificación</i>
<i>1.5 Construcións e instalacións e obras correspondentes a primeiro establecemento ou implantación de actividades comerciais e industriais que xeren máis de dez postos de traballo de carácter fixo.</i>	<i>Inactividade por prazo de 12 meses imputable ó solicitante dentro dos catro anos seguintes á data notificación de outorgamento data de notificación de outorgamento da bonificación</i>
<i>1.6 Construcións e instalacións e obras promovidas polas Administracións Públicas para a implantación de servizos públicos ou servizos de interese comunitario</i>	<i>Demora na execución das construcións, instalacións e obras en máis dun ano contado a partires da data seguinte á data de notificación de outorgamento da bonificación</i>
<i>1.7 Construcións, instalacións ou obras que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados</i>	<i>Demora na execución das construcións, instalacións e obras en máis seis meses contados a partires da data seguinte á data de notificación de outorgamento da bonificación</i>



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

<i>Construcións, obras e instalacións obxecto de bonificación</i>	<i>Causa da perda da bonificación</i>
<i>1.8 Construcións e instalacións que constitúan e establecemento ou sede de actividades comerciais e industriais de cooperativas e sociedades anónimas laborais.</i>	<i>Inactividade por prazo de 12 meses imputable ó solicitante dentro dos catro anos seguintes á data notificación de outorgamento data de notificación de outorgamento da bonificación</i>
<i>1.9 Construcións, rehabilitación ou reparación de vivendas promovidas por persoas en situación de emerxencia social</i>	<i>Demora na execución das construcións, instalacións e obras en máis dun ano contados a partires da data seguinte á data de notificación de outorgamento da bonificación</i>
<i>1.10 Construcións destinadas ao primeiro establecemento ou á implantación de empresas no Polígono Industrial de Malpica que soliciten a licenza de construción instalación ou obra durante os exercicios de 2016, 2017 e 2018</i>	<i>Demora na execución das construcións, instalacións e obras en máis seis meses contados a partires da data seguinte á data de notificación de outorgamento da bonificación</i>

### **Artigo 8ª .- Normas de xestión das bonificacións**

*A bonificacións terán carácter rogado, debendo ser presentada polo suxeito pasivo.*

*Para o caso das bonificacións pola creación de emprego, deberán presenta-la correspondente solicitude dirixida ó alcalde do concello no prazo de 15 días dende o outorgamento de licenza de actividade ou primeira ocupación. Xuntamente co escrito deberase achega-la seguinte documentación:*

- Certificado do acordo plenario de declaración de especial interese ou de utilidade municipal se é o caso*
- Certificado de que o suxeito pasivo non ten débedas coa Facenda estatal, autonómica e local; nin coa Seguridade Social.*
- Acreditación das novas contratacións realizadas mediante a presentación dos contratos de traballo dos novos empregados/empregados e copia das comunicacións das contratacións ó Servizo Publico de Emprego Estatal (SEPE), resolucións de altas na Seguridade Social (TA) e Informes de datos de cotización (IDC) da Tesourería Xeral da Seguridade Social referidos ós novos traballadores contratados. "*



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

SEGUNDO.- Proceder a exposición ó público acordo de aprobación inicial da nova ordenanza polo período de trinta días, mediante a publicación no B.O.P. do anuncio de exposición e simultánea exposición no taboleiro de anuncios da corporación.

TERCEIRO.- Considerar definitivamente aprobado o acordo no caso de que non se presenten reclamacións, procedendo a súa publicación no B.O.P xunto co texto integro da nova ordenanza fiscal, e sen que entre en vigor esta ata a referida publicación, todo isto de conformidade co artigo 17. 4 do Real decreto legislativo 2/2004. “

Sen debate, sométese o asunto a votación, aprobándose a proposta de Alcaldía anteriormente transcrita co seguinte resultado:

Votación:

Votos a favor: 8

7 PP.  
1 Grupo Mixto ( Sergio M. García Villar)  
0 AIM

Votos en contra: 0

0 PP  
0 Grupo Mixto  
0 AIM

Abstencións: 5

0 PP  
1 Grupo Mixto ( Mª del Mar Ordóñez Varela)  
4 AIM

O señor Alcalde pregunta si algún grupo desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba á convocatoria e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas, contestándose que non polos citados grupos.

**Fase de control aos órganos de goberno:**

**1. Dación de conta de resolucións de Alcaldía dende a nº 22/2018 á 167/2018 correspondentes ao ano 2018.**

Pola secretaria dáse conta das resolucións da Alcaldía ditadas dende o número 22/2018 á 167/201, resolucións postas a disposición dos membros da Corporación con motivo da convocatoria.

Así mesmo dáse lectura das seguintes resolucións:



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

➤ **Resolución de Alcaldía nº 32/2018 de 23 de xaneiro de 2018 relativa a nomeamento de membro da Xunta de Goberno Local, designación de tenentes de alcalde e modificación de delegación de atribucións.**

Vistos os arts. 20, 21 e 23 da lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local, os arts. 59 e seguintes da lei 5/1997, do 22 de xullo de administración local de Galicia, e os art. 35, 41, 43, 44, 46, 52, 114 e 115 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

E ante a renuncia á condición de concelleiro formulada por don Iago Espasandín Varela, consumada en sesión plenaria de 18 de decembro de 2017, que implica necesariamente o seu cesamento como membro da Xunta de Goberno Local ( mentres que se estima por outra banda conveniente manter na composición deste órgano o mesmo número de membros que ata agora tiñan), así como o seu cesamento como 2º Tenente de Alcalde e concelleiro delegado de Urbanismo e Deportes,

En consecuencia, RESOLVO :

**Primeiro: Aprobar os seguintes nomeamentos:**

**i) Nomeamentos membros da Xunta de Goberno Local do Concello de Malpica de Bergantiños aos seguintes concelleiros:**

- Miguel A. Fernández Mirás.
- M<sup>a</sup> Soledad Blanco Gorín.
- Noelia Freijeiro Novo.
- Álvaro Carril Rodríguez.

A Xunta de Goberno Local estará integrada polo Alcalde, que exercerá a Presidencia, e as/os concelleiras/os antes mencionados.

**ii) Nomeamentos de Tenentes de Alcalde do Concello de Malpica de Bergantiños aos seguintes concelleiros/as da Xunta de Goberno Local e pola orde que segue:**

- Primeiro Tenente de Alcalde: Miguel A. Fernández Mirás.
- Segundo Tenente de Alcalde: M<sup>a</sup> Soledad Blanco Gorín.
- Terceiro Tenente de Alcalde: Noelia Freijeiro Novo.
- Cuarto Tenente de Alcalde: Álvaro Carril Rodríguez.

**iii) Nomeamentos como delegados de Alcaldía ás/os seguintes concelleiras/os:**



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

- Concellaría delegada de Urbanismo: Álvaro Carril Rodríguez.
- Concellaría delegada de Obras e Servizos municipais e Seguridade cidadá e Tráfico: Miguel A. Fernández Mirás.
- Concellaría delegada de Educación, Cultura e Turismo: Noelia Freijeiro Novo.
- Concellaría delegada de Promoción Económica, Comercio, Industria e Emprego: M<sup>a</sup> del Pilar Doldán Pose.
- Concellaría delegada de Servizos Sociais e Igualdade: M<sup>a</sup> Soledad Blanco Gorín.

As ditas delegacións abarcarán o exercicio de tódalas atribucións delegables da Alcaldía relativas ás áreas ou materias correspondentes e comprenderán tanto as facultades de dirección como as de xestión, agás a de emitir actos administrativos que afecten a terceiros, e se entenden feitas sen prexuízo das delegacións efectuadas por esta Alcaldía na Xunta de goberno Local.

**Segundo:** De conformidade co previsto no art. 44, 46 e 114 do ROF notificar a presente aos concelleiros/as nomeados/as surtindo efectos dende o día da súa aceptación con independencia da data de publicación.

**Terceiro.** A Xunta de Goberno Local asumirá as funcións de asistencia e asesoramento que a esta Alcaldía lle atribúen directamente os artigos 23.2 da Lei 7/1985, e 53 do ROF, así como as que lle atribúan directamente as leis e Bases de Execución do Orzamento municipal; e por delegación desta Alcaldía, asumirá as seguintes competencias:

- 1.- As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao pleno, así como da aprobacións dos instrumentos de xestión urbanística e os proxectos de urbanización.
- 2.- O outorgamento de licencias reguladas na lexislación urbanística ou na sectorial que resulten de aplicación por remisión desta, incluídas as licenzas de actividade ( apertura ou funcionamento).
- 3.- A emisión de informe nos expedientes seguidos para o outorgamento das licenzas reguladas na lexislación urbanística ou na sectorial que resulten de aplicación por remisión desta, incluídos os das licenzas de actividade ( instalación e apertura ou funcionamento)
- 4.- Dentro da competencia prevista no apartado 21.1 f), sobre xestión económica e s) relativa á competencia residual, délgase a a resolución dos expedientes relativos ao outorgamento de subvencións a particulares, entidades públicas ou privadas e imposición de sancións en relación coas mesmas, segundo o previsto legalmente.

O réxime xurídico da presente delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 114 a 118 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización,





CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

funcionamento, e réxime xurídico das Entidades Locais, correspondendo así ao órgano delegante ( a Alcaldía) a resolución dos recursos de reposición que se plantexen contra os actos dictados pola Xunta de Goberno Local en exercicio das atribucións conferidas por delegación.

**Cuarto:** . Proceder a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello e dar conta desta Resolución ao Pleno do Concello na primeira sesión que se celebre.

A presente resolución entrará en vigor ao día seguinte ao da súa data, sen perxuízo da súa preceptiva publicación no BOP.

**Quinto:** Quedan derogadas cantas resolucións se opoñan ás presentes, expresamente as resolucións da Alcaldía sobre estes mesmos asuntos.

## 2. Dación de conta da seguinte información da Intervención do Concello.

**2.1 Aprobación da liquidación do orzamento do exercicio 2017 mediante resolución de Alcaldía nº 146/2018 de 12 de marzo de 2018 que a continuación se transcribe e a súa remisión telemática en data de 19 de marzo de 2018 ao Ministerio de Hacienda y Función Pública, a través da Oficina Virtual para la Coordinación Financiera con las Entidades Locales ( expediente electrónico número 2018/X999/000224):**

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2017

**CONSIDERANDO** os artigos 191 e 193 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais; os artigos 89 a 105 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril e a Orde EHA/4041/2004 do 23 de novembro, que aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local.

**VISTOS** os informes da Interventora municipal de data 12 de marzo de 2018, correspondentes á liquidación dos orzamentos do ano 2017 e ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e regra de gasto na devandita liquidación.

### RESOLVO

**Primeiro.-** Aprobar a liquidación do Orzamento Xeral do ano 2017, cuxo Resultado orzamentario e remanente de tesouraría son os seguintes:

#### RESULTADO ORZAMENTARIO 2017

CONCEPTOS	Dereitos	Obrigas	AXUSTES	RESULTADO
-----------	----------	---------	---------	-----------





CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

	Rec. Netos	Rec. Netas		ORZAM.
a) Operacións correntes	4.966.428,02	3.947.236,01		1.019.192,01
b) Operacións de capital	455.873,77	717.628,68		-261.754,91
<b>1. Total operacións non financeiras (a+b)</b>	<b>5.422.301,79</b>	<b>4.664.864,69</b>		<b>757.437,10</b>
c) Activos financeiros	533,23	533,23		0,00
b) Pasivos financeiros	99.631,13	0,00		99.631,13
<b>2. Total operacións financeiras (c+d)</b>	<b>100.164,36</b>	<b>533,23</b>		<b>99.631,13</b>
<b>I. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO(I=1+2)</b>	<b>5.522.466,15</b>	<b>4.665.397,92</b>		<b>857.068,23</b>
<b>AXUSTES</b>				
3. Créditos gastados financiados con RLT para gtos. Xerais			43.560,00	
4. Desviacións de financiamento negativas do exercicio			273.156,19	
5. desviacións de financiamento positivas do exercicio			236.536,91	
<b>II. TOTAL AXUSTES (II=3+4-5)</b>			<b>80.179,28</b>	
<b>RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (I+II)</b>				<b>937.247,51</b>

REMANENTE DE TESOURARÍA 2017

ESTADO DO REMANENTE DE TESOURARÍA	2017	
1. Fondos líquidos na tesouraría fin de exercicio		2.163.732,96
2. Dereitos pendentes de cobro fin de exercicio		505.550,64
de orzamento corrente	200.146,07	
de orzamentos pechados	232.383,06	

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

ESTADO DO REMANENTE DE TESOURARÍA	2017	
de operacións non orzamentarias	73.021,51	
3. Obligacións pendentes de pago fin de exercicio		155.118,83
de orzamento corrente	32.471,54	
de orzamentos pechados	11.806,02	
de operacións non orzamentarias	110.841,27	
4. Partidas pendentes de aplicación		-160.736,63
(-) cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	165.208,30	
(+) pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	4.471,67	
<b>I. Remanente de Tesouraría total (1+2-3+4)</b>		<b>2.353.428,14</b>
II. Saldos dudoso cobro		69.037,21
III. Exceso de financiamento afectado		37.079,50
<b>IV. Remanente de Tesouraría para gastos xerais (I – II – III)</b>		<b>2.247.311,43</b>

**Segundo.-** Dar conta ao Pleno da corporación na primeira sesión que este celebre, de conformidade co establecido nos artigos 193.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora de facendas locais, e 90.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

**Terceiro.-** Ordenar a remisión de copia da devandita liquidación aos órganos competentes, tanto da Delegación de Facenda como da Comunidade Autónoma.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde Eduardo José Parga Veiga, do que eu, Mónica Pichel García, como secretaria e aos únicos efectos de fé pública (RD 1174/1987, de 18 de decembro), dou fé.”



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

## 2.2 Remisión telemática ao *Ministerio de Hacienda y Función Pública*, a través da *Oficina Virtual para la Coordinación Financiera con las Entidades Locales* da seguinte información:

- Período medio de pagamento do 4º trimestre do exercicio 2017, calculado consonte ao establecido no RD 635/2014, de 25 de xullo, e remitido en data 16/01/2018 (expte. núm. 2018/X998/000007).
- A morosidade correspondente ao 4º trimestre do exercicio 2017, en aplicación do artigo cuarto da Lei 15/2010, de 5 de xullo, e remitida en data 18/01/2018. Así mesmo, dáse conta dos informes de tesouraría e intervención emitidos ao respecto en data 17/01/2018 (expte. núm. 2018/X998/000009).
- Estados de execución do orzamento, correspondentes ao cuarto trimestre do exercicio 2017, en aplicación do disposto na Orde do *Ministerio de Hacienda* 2105/2012, de 1 de outubro, e remitidos en data 30/01/2018 (expte. núm. 2018/X998/000045).
- Plans orzamentarios para o período 2019-2021, aprobados mediante resolución de alcaldía número 155/2018, de 14 de marzo, e remitidos en data 15/03/2018 en aplicación do disposto no artigo 6 da Orde do *Ministerio de Hacienda* 2105/2012, de 1 de outubro (expte. núm. 2018/X999/000260).

## 3.- Dación de conta de acordos da Xunta de Goberno Local correspondentes ás sesións que se indican:

- Sesión extraordinaria nº 1/2018 de 05.01.2018.
- Sesión ordinaria nº 2/2018 de 15.02.2018.

## 4.- Dación de conta da adscripción dos membros da Corporación ás Comisións Informativas existentes á vista dos cambios producidos como consecuencia do cese de concelleiros.

### COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS XERAIS

P.P	GRUPO MUNICIPAL
EDUARDO JOSÉ PARGA VEIGA	PP
MARÍA DEL PILAR DOLDÁN POSE	PP
Mª SOLEDAD BLANCO GORÍN	PP
NOELIA FREIJEIRO NOVO	PP
AIM	
ALFREDO CAÑIZO GARRIDO	AIM



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

ANTONIO MANUEL PEREIRA RODRÍGUEZ	AIM
P.S.O.E.	
MARÍA DEL MAR ORDÓÑEZ VARELA	Grupo MIXTO

Suplentes:

**PP:**

- Miguel A. Fernández Mirás.
- Álvaro Carril Rodríguez
- Julio José Vila Díaz

**AIM:**

- M<sup>a</sup> DEL Carmen Sánchez Varela
- Cristina Castro Pose

**Grupo Mixto:**

Sergio M. García Villar.

#### COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS

P.P	GRUPO MUNICIPAL
EDUARDO JOSÉ PARGA VEIGA	PP
MARÍA DEL PILAR DOLDÁN POSE	PP
ÁLVARO CARRIL RODRÍGUEZ	PP
JULIO JOSÉ VILA DÍAZ	PP
AIM	
MARÍA CRISTINA CASTRO POSE	AIM
MARÍA CARMEN SÁNCHEZ VARELA	AIM



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

P.S.O.E.	
Sergio M. García Villar	Grupo MIXTO

Suplentes:

**PP:**

- Noelia Freijeiro Novo
- Miguel A. Fernández Mirás
- María Soledad Blanco Gorín.

**AIM:**

- Alfredo Cañizo Garrido
- Antonio M. Pereira Rodríguez

**Grupo Mixto:**

BNG: M<sup>a</sup> del Mar Ordóñez Varela.

**5.- Rogos e preguntas.**

**Rogos:**

a) Por M<sup>a</sup> del Mar Ordóñez Varela:

- Que no parque se acometa algunha actuación porque a xente leva cans sen bozal e algúns son perigosos. O señor Alcalde di que se adoptarán as medidas oportunas e que se darán ordes á policía, tal e como roga a señora concelleira, para que se controle iso.

b) Por Sergio M. García Villar:

- Di que as comisións informativas supoñen un gasto de dietas e traslado de notificación da convocatoria polo funcionario que corresponda e roga que non se convoquen as comisión por asuntos como o da modificación dun prezo público donde apenas se estivo tempo na citada sesión.

O señor Alcalde di que cada comisión debe dictaminar os asuntos da súa competencia, que o prezo público se tiña que dictaminar previamente por lei, peor que si algué quere renunciar á súa dieta por



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

asistencia, que pode e que así se aforrará ese gasto, pero legalmente é obrigación do señor Alcalde efectuar a convocatoria.

c) Polo señor Cañizo:

- Que se coloquen as porterías do campo de Seaia.

- Quere saber cando se lle vai a contestar pola Alcaldía ao escrito que presentou solicitando un informe dos partes que se lle deron á compañía de seguros do Concello e á petición dun despacho para a oposición. O señor Alcalde responde que como xa lle informara ao concelleiro noutras ocasións, non hai un despacho libre na Casa Consistorial, máis sí na Casa do Oleiro, onde se lles pode facilitar un local.

A señora Interventora abandona neste momento o Salón de Plenos.

O señor Cañizo di que a oposición ten preferencia sobor da Guardia Civil e do Xulgado de Paz e o señor Alcalde responde que lle parece mentira que despois dun pleno extraordinario pedindo un sitio para a Guardia Civil agora quere que largue do Concello á Guardia Civil. O señor Alcalde engade que o señor Cañizo ten unha relación exhaustiva de todas as resolucións que dita a Alcaldía que se lle pon a disposición cando se convoca o Pleno. Que además as pode consultar cando queira, que outra cousa é que pida documentación que se ten que confeccionar, en cuxo caso a posta a disposición tarda máis.

O señor Cañizo di que cando se lle van a facilitar os partes de seguro e o señor Alcalde di que cando se dispoña desa información que se lle remitirá, pero que non pode decir que non teña acceso á documentación.

O señor Cañizo di que por cortesía lle deberían de ter constestado.

- O señor Cañizo roga vixiancia nos colexios, por exemplo no de San Adrián, para que non entre droga. O señor Miguel di que si é necesario que se remitirá á Policía Local e o señor Alcalde respnde que toma nota do rogo.

### **Preguntas:**

a) Por M<sup>a</sup> del Mar Ordóñez Varela:

- En prensa saliu unha noticia relativa a que o Concello firmara o contrato para as rúa Travesía Emilio González , e pregunta si non eran vías da Xunta. O señor Alcalde responde que non se trata da vía que pasa diante do Concello que é a do “ Jofra”.

- ¿ Tedes pensado acometer unha ampliación do Paseo Marítimo? O señor Alcalde di que Costas está con ese tema.

- ¿ Hai algunha ordenanza municipal que non permita que os animais anden soltos pola rúa? O señor Alcalde di que non, que nos rexemos pola normativa da Xunta de Galicia.



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

- ¿ Pódese aparcarse na zona verde do campo de Seaia? O señor Alcalde di que non, que non se pode aparcarse alí.

b) Por Sergio M. García Villar:

-¿ Qué pasa co PXOM?. O señor Alcalde di que xa contestou antes a este tema, que un dos redactores renunciou ao contrato por razón de incompatibilidade no posto que conseguiu na Deputación da Coruña e que se está a mirar o tema da posible cesión do contrato, que agora non se dan as subvencións para os PXOM e que de non poder efectuarse tal cesión que se perdería a citada subvención, polo que non lle interesa terminar ese contrato nin levar á emprea ao xulgado para conseguir que se rematen os traballos.

-¿ As actividades de Semana Santa, non consideran que foron moi poucas? O señor Alcalde responde que se axuda o que se pode, e o señor Sergio responde que en agosto se fai a festa galega pero xa é un mes no que hai xente, que se debeíran trasladar as festas aos meses onde non hai xente. O señor Alcalde indica que Malpica é un sitio turístico e á xente tes que darlle actividades cando veñen en verán, que se estudiará si se poden incrementar pero que trasladar as actividades de verán para o inverno, que non ten sentido.

c) Polo señor Cañizo:

-¿O camiión que recolle o lixo é do Concello? O señor Alcalde responde que non.

- A excursión da 3ª idade tiña aberto o prazo para apuntarse para o luns pero parece que antes de abrirse o prazo se deron asentos á xente. O señor Alcalde reconece que quizais se deron asentos antes por non dicirlle á xente que non, que se fixo mal.

- ¿ Quen regula o tráfico no Porto? O señor Alcalde di que o Concello cun convenio antigo.

- ¿ A Guardia Civil terá a instalación para o 7 de xullo? O señor Alcalde responde que non.

-¿ Cando empezan as obras da Casa do Concello? O señor Alcalde responde que está en fase de licitación.

-¿ De canto é o orzamento da reforma? ¿ 200.000 euros? O señor Alcalde responde que é unha cantidade moito menor.

- Hai un problema gordo na Cofradía, no? O señor Cañizo di que o Concello se podería facer coa Casa do Pescador para o Concello e así poder axudar á Cofradía.

Ás 22.30 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.





CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Malpica de Bergantiños, venres 25 de maio de 2018

Vº e praxe

O presidente,

A secretaria,

EDUARDO JOSE PARGA VEIGA

MONICA PICHEL GARCIA